


2.5.- Táboa *input-output* da pesca en Galicia



Este epígrafe basease no informe “Táboa input-output pesca-conserva galega 1995”, facilitado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e realizado por un equipo de traballo baixo a dirección da M^a do Carme García Negro.

Os conceptos utilizados na análise das diferentes matrices son os definidos no dito informe e están integrados, tanto no presente epígrafe, como no anexo dedicado á terminoloxía.

A técnica das táboas *input-output* ten como punto básico de partida a consideración de que as distintas partes da Economía están interrelacionadas. Deste xeito, a economía pode dividirse nunha serie de unidades cada unha das cales produce un output e demanda uns inputs a outras unidades productivas. Estas unidades deben ser

agrupadas en sectores ou ramas de produción o máis homoxéneas posible, para o que se deben de cumprir tres supostos ou condicións implícitas:

- Que a estrutura tecnolóxica de tódolos axentes económicos incluídos nun mesmo sector sexa idéntica.
- Que os produtos fabricados polas unidades dun mesmo sector sexan substituíbles entre si.
- Que os produtos elaborados por sectores distintos non sexan substituíbles entre si.

Esta técnica descansa na hipótese de proporcionalidade, que supón que todo incremento na cantidade de produto obtido esixe un incremento proporcional na cantidade de factor utilizado: esta proporcionalidade virá dada polos coeficientes técnicos de produción.

Toda esta análise instrumentase nunha táboa de dobre entrada que recolla as conexións entre

os diferentes sectores dunha economía, de modo que:

- As filas recollen as distribucións do output de cada sector cara ós demais.
- As columnas recollen a estrutura dos inputs; de qué sector veñen os elementos que se utilizan para levar a cabo a produción.

A forma na que se presenta a información é matricial, compoñéndose de tres táboas ou matrices.

A táboa input-output pesca-conserva Galicia 1995

A táboa *input-output* da pesca-conserva en Galicia é un elemento fundamental á hora de ter unha visión das relacións económicas existentes entre os sete subsectores considerados. Así mesmo, a importancia e o volume dos datos económicos proporcionados, da unha visión do peso económico do sector no seu conxunto, que redonda na realidade coñecida do gran efecto arrastre sobre a economía galega que ten o sector pesqueiro.

Como elementos máis destacados pódense citar en primeiro lugar a grande dependencia e sensibilidade do sector ante variacións do prezo dos produtos procedentes das actividades de refino de petróleo, por ser estes os inputs que en maior medida utilizan os sete subsectores analizados; así o 8% do valor do total de inputs intermedios utilizados polo sector pesca-conserva en Galicia destínase ós produtos derivados do refino de petróleo e similares.

O total de recursos do sector ascendeu a 2.190 millóns de euros, dos que o 1.354 millóns corresponde á produción efectiva, da que o 45% provén do valor engadido bruto a prezos de mercado creado no sector pesca-conserva.

Destacar, finalmente, o coeficiente de correlación do sector da industria conserveira en Galicia, que nos indica o grao de dependencia deste subsector dos inputs intermedios doutros

sectores; este coeficiente mostra como de cada unidade de produto da industria conserveira o 75% son inputs intermedios dos outros sectores. Móstrase, polo tanto, a grande dependencia deste subsector.

Cando o que se pretende é analizar un sector concreto, neste caso a pesca-conserva, trataremos cunha matriz de relacións intersectoriais da que, seguindo a súa distribución por columnas, obterase a utilización de *inputs* que os sete sectores considerados fan do resto de sectores económicos para levar a cabo a súa actividade. Polo tanto, non se dá a coñecer as relacións exteriores e cruzadas dos sectores non pesqueiros.

Os 7 sectores considerados son os seguintes, definidos pormenorizadamente no anexo dedicado á terminoloxía:

- Pesca de baixura.
- Pesca de litoral.
- Pesca de altura.
- Pesca de grande altura.
- Marisqueo.
- Miticultura e outros.
- Industria conserveira.

Pasamos a continuación a analiza-los distintos compoñentes da táboa *input-output* da pesca-conserva galega, que se expón nos **anexos A.2**.

As táboas de *inputs* e *outputs* intermedios recollen as transaccións entre as ramas productivas. Representa o valor dos bens e servicios, agás os considerados de investimento, que as unidades de produción residentes consumen para producir outros bens e servicios, durante o período de referencia e valorados a prezos de saída de fábrica excluído o IVE deducible.

O total de cada *input* e *output* intermedio divídese en dúas partidas en función da súa procedencia xeográfica, de Galicia ou de fóra de Galicia

Nos **anexos A.2.1.** e **A.2.2.** expóñense as táboas de *inputs* intermedios e *outputs* intermedios.

En relación á **pesca de baixura**, as ramas das que proveñen os seus principais *inputs* intermedios en canto ó seu valor son a de “Refino de petróleo e outros”, con 8 millóns de euros, a de “Cabos e redes”, con case 6 millóns de euros, e a de “Construcción e reparación naval”, con 3,7 millóns de euros. Conxuntamente representan o 50% do valor dos *inputs* intermedios totais consumidos pola pesca de baixura no ano 1995.

Por outra banda, a pesca de baixura proporciona *outputs* intermedios para os sectores de “Pesca de altura” e “Pesca de gran altura”, “Administración pública”, “Actividades sanitarias”, “Outras actividades dos servicios e administracións” e “Hostalería”, destacando esta última cun valor de 21 millóns de euros, o que representa o 93% do valor total do conxunto de *outputs* intermedios proporcionados polo subsector da pesca de baixura no ano 1995.

No que respecta á **pesca de litoral**, segundo dos sete sectores analizados, as ramas das que proveñen os seus principais *inputs* son, ó igual que no caso da pesca de baixura, o “Refino de petróleo e outros”, con 7,8 millóns de euros, a de “Cabos e redes”, con 6,4 millóns de euros, e a de “Construcción e reparación naval”, con 6,1 millóns de euros, representando conxuntamente o 55% do valor total dos *inputs* intermedios consumidos por este sector no ano 1995.

A pesca de litoral proporciona *outputs* intermedios ós sectores da pesca de baixura, da pesca de litoral, da pesca de altura e grande altura, á Administración pública, ás actividades sanitarias, a outras actividades dos servicios e administracións, á hostalería e á industria de conserva de peixe, destacando estas dúas últimas ramas con un consumo de *outputs* intermedios da pesca de litoral de 16,5 e 6,3 millóns de euros, respectivamente, sendo o total do consumo de tódolos sectores analizados de 29 millóns de euros.

A **pesca de altura** destina o 42% do valor do conxunto dos *inputs* consumidos ó longo do ano 1995 a tres ramas, á de “Refino de petróleo e outros”, con 15 millóns de euros, á de “Construcción e reparación naval”, con 7 millóns

de euros, e a de “Intermediarios de materias primas animais”, con 5,2 millóns de euros.

En relación ós *outputs* intermedios proporcionados pola pesca de altura ós sectores analizados, hai que destacar que, ó igual que no caso da pesca de litoral, a pesca de altura proporciona *inputs* ós sectores de pesca de baixura, pesca litoral, pesca de altura, pesca de grande altura, actividades sanitarias, outras actividades dos servicios e administración, á hostalería e á industria de conserva de peixe, destacando estas dúas últimas ramas cun consumo de 27 e 16 millóns de euros, respectivamente, o que representa conxuntamente o 80% do valor do total de *outputs* intermedios aportados polo sector analizado no ano 1995.

No que respecta á **pesca de grande altura**, as ramas das que proveñen os seus principais *inputs* son a do “Refino de petróleo e outros”, con 25 millóns de euros, a de “Construcción e reparación naval”, con 16,2 millóns de euros, e a de “Trasporte”, con 15,5 millóns de euros, representando conxuntamente o 47% do valor total dos *inputs* intermedios consumidos por este sector no ano 1995, que ascendeu a máis de 119 millóns de euros.

A pesca de grande altura proporciona *outputs* intermedios ós sectores da pesca de litoral, da pesca de altura e grande altura, Administración pública, administracións sanitarias, outras actividades dos servicios e administracións, hostalería e á industria de conserva de peixe, destacando, como nos casos anteriores, estas dúas últimas cun consumo de *outputs* intermedios da pesca de litoral de 32,7 e 155,4 millóns de euros, respectivamente, o que representa o 97% do total do valor dos *outputs* intermedios proporcionados polo sector.

O subsector da **miticultura** e outros consume *inputs* intermedios, fundamentalmente, das ramas de “Cabos e redes”, cun valor de 2,6 millóns de euros, da de “Refino de petróleo e outros”, cun valor de 2,6 millóns de euros, e da de “Envases, embalaxes e outras industrias da madeira”, con 1,6 millóns de euros, representando estas tres ramas conxuntamente o 45,4% do

valor total dos *inputs* consumidos por este subsector no ano 1995.

En relación ós *outputs* intermedios proporcionados por este subsector ós subsectores considerados, hai que destacar que só son consumidos polas ramas de miticultura e outros, actividades sanitarias, outras actividades dos servizos e administracións, hostalería e polas industrias de conserva de peixe, sendo esta última a que acapara a maior porcentaxe de consumo: neste caso o 91% do valor dos *outputs* intermedios totais proporcionados pola actividade analizada son consumidos polas industrias de conserva de peixe.

O subsector do **marisqueo** é, dos sete subsectores analizados, o que absorbe un menor volume de *inputs*, destacando as ramas de “Trasporte”, con 804 mil euros, a de “Actividades xurídicas e xestorías”, con 163 mil euros, e a de “Outros servizos empresariais”, con 163 mil euros, representando conxuntamente estas tres actividades o 59% do valor total dos *inputs* consumidos por este subsector.

O marisqueo, por outra banda, só proporciona *outputs* intermedios para a rama de actividades sanitarias, outras actividades de servizos e administracións, hostalería e ás industrias de conserva de peixe, destacando esta última actividade co 80% do valor total dos *outputs* intermedios consumidos deste subsector.

O último dos subsectores analizados é o das industrias de **conserva de peixe**. Este subsector consume principalmente *inputs* intermedios das actividades englobadas nas ramas de “Pesca de grande altura”, cun valor de máis de 155 millóns de euros, de “Productos metálicos diversos”, cun valor de 68 millóns de euros, e da mesma rama de “Industrias de conserva de peixe e marisco”, cun valor de 44 millóns de euros. Estas tres ramas representan o 55% do valor total do conxunto de *inputs* intermedios consumidos polo subsector ó longo do ano 1995.

En relación ós produtos do subsector das industrias de conserva de peixe destinados a *outputs* intermedios doutros sectores, destacar que a

pesca de baixura, a de litoral, a de altura e grande altura, Administración Pública, administracións sanitarias, outras actividades dos servizos e administracións, a hostalería, outras industrias de alimentación e a industria de conserva de peixe son os subsectores que utilizan estes produtos como *inputs*, destacando a importancia das propias industrias de conserva de peixe e marisco, de outras industrias de alimentación e da hostalería, destino, respectivamente, do 63%, 17% e 14% do valor dos *outputs* intermedios totais deste subsector.

O **anexo A.2.3.** recolle a táboa de demandas finais, que a súa vez recolle as vendas finais das ramas productivas, considerando os seguintes elementos de demanda final:

– O consumo privado interior: Supón a compra en Galicia de bens e servizos para uso das economías domésticas, valorado a prezos de adquisición para os produtos comprados no mercado, incluído o IVE, e a prezos de produción nos demais casos.

– O consumo público: Recolle aqueles servizos subministrados polas Administracións Públicas, que non van dirixidos a súa venda directa, valorados segundo os costes incorridos na produción, unha vez deducidas as vendas residuais que figuran na fila de transferencias.

– Formación bruta de capital fixo (FBKF): Comprende o conxunto de bens duradeiros novos, adquiridos polas unidades de produción residentes ca fin de usalos durante máis dun ano no proceso de produción. A FBKF valórase a prezos de adquisición excluído o IVE deducible, para os bens e servizos que pasan polo mercado, e a prezo de produción se esta se realizou por conta propia.

– Variación de existencias: Representa a diferenza entre as entradas e saídas de existencias durante o período considerado.

– Formación bruta de capital: Corresponde á suma da FBKF máis a variación de existencias.

– Exportacións ó resto do Estado: Comprende o valor de venda de bens e servizos ó resto do Estado, valoradas a prezos de saída de fábrica, e, polo tanto, sen IVE.

- Exportacións ó resto do mundo: Inclúe o valor de venda de bens e servizos ó resto do mundo, valoradas igual que no caso anterior.

- Demanda final: É a suma dos outputs finais e supón a parte de output que non se destinou ó consumo intermedio.

- Total de bens e servizos, segundo destino (empregos): É a suma dos outputs intermedios e outputs destinados á demanda final valorados a prezos de saída da fábrica.

Coxuntamente coa táboa de demanda final, analízase a **procedencia da Formación Bruta do Capital Fixo** nos subsectores sinalados (**anexo A.2.4.**).

A **pesca de baixura** ingresa 83 millóns de euros da produción destinada á demanda final, dos que o 76,6% destínase ó consumo privado interior e o 23,3% restante á exportacións, das que o 90,3% teñen como destino o resto do estado español e o 9,7% restante, o resto do mundo.

O total de empregos do subsector (suma dos *outputs* intermedios e *outputs* de demanda final), ascendeu no ano 1995 a 106 millóns de euros, o 4,8% do valor total dos bens e servizos producidos polos sete subsectores considerados na análise.

No subsector da pesca de baixura a FBKF provén principalmente da rama de “Construcción e Reparación naval” e “Maquinaria e Equipo mecánico”, que acaparan o 84,9% da FBKF do citado subsector no ano 1995, ascendendo a 9,6 millóns de euros

A **pesca de litoral** ingresa 109 millóns de euros da produción destinada á demanda final, dos que o 45,1% destínase ó consumo privado interior e o 54,9% a exportacións, das que o 79% teñen como destino o resto do estado español e o 21%, o resto do mundo.

O total de empregos do subsector ascendeu a 138 millóns de euros no ano 1995, o que representa o 6,3% do valor dos empregos totais do sector pesca-conserva no citado ano.

A formación bruta de capital neste subsector

procede principalmente, ó igual que no caso anterior, das ramas de “Construcción e Reparación naval” e “Maquinaria e Equipo mecánico”, que acollen o 90,3% do total de FBKF do subsector que ascendeu a 9,3 millóns de euros no ano 1995.

No que respecta á **pesca de altura**, o total da demanda final para o ano 1995 ascendeu a 174 millóns de euros, o 47% con orixe no consumo privado interno e o 52% nas exportacións, que se destinaron no 76,8% ó resto do estado español e no 23,2% ó resto do mundo.

O total de empregos para o citado ano ascendeu a 228 millóns de euros, o 10,4% do valor do conxunto do sector pesca-conserva.

Finalmente, no que respecta á FBKF, as ramas de procedencia principais son as mesmas que no caso da pesca de baixura e da pesca de litoral, acaparando o 99,3% da FBKF deste subsector que ascendeu a 33,5 millóns de euros.

A **pesca de grande altura** obtivo unha demanda final no ano 1995 de 631 millóns de euros, dos que o 83,2% proveñen de produtos destinados á exportación (50,5% resto do estado español, 49,5% resto do mundo), o 15,5% provén do consumo privado interno e o 1,2%, dun incremento positivo na variación de existencias.

O total de empregos do subsector no ano 1995 ascendeu a 824 millóns de euros, o que representa o 37,6% do total de empregos do sector pesca-conserva no citado ano.

No que respecta á FBKF deste subsector, esta provén principalmente das ramas de “Construcción e Reparación naval”, “Maquinaria e equipo mecánico” e “Construcción”, acaparan estas tres ramas o 96,6% do total de FBKF do subsector, que ascende no ano 1995 a 63,2 millóns de euros.

O subsector da miticultura e outros ingresou no ano 1995 un total de 44 millóns de euros en concepto de demanda final, dos que o 6% provén do consumo privado interno e o 94% restante das exportacións, das que o 78,7% teñen como desti-

no o resto do estado español e o 21,3% dirixíronse cara ó resto do mundo.

O total de emprego do subsector ascendeu no ano 1995 a 59 millóns de euros, o 2,7% do valor total dos empregos do sector pesca-conserva no citado ano.

No subsector da miticultura e outros, a FBKF procede de diversas ramas, destacando a “Construcción e reparación naval” e os “Envases, embalaxes e outros”, ramas que acollen o 68% do total de FBKF do subsector, que ascendeu no ano 1995 a 17,2 millóns de euros.

O **marisqueo** recibe unha demanda final que ascendeu en 1995 a 119 millóns de euros, que proveñen nun 94% das exportacións en un 6% do consumo interno privado. As exportacións están destinadas principalmente ó resto do estado español (90%).

O total de empregos do marisqueo ascendeu a 132 millóns de euros, o que representa o 6% do valor total dos empregos do subsector pesca-conserva no ano 1995.

A procedencia da FBKF no subsector do marisqueo son fundamentalmente as ramas de “Outros servicios empresariales” e “Manufacturas diversas”, representando o 76% do total da FBKF do subsector no ano 1995, unha FBKF que representou no citado ano só o 0,3% do total do sector pesca-conserva.

O último subsector que se inclúe dentro do sector pesca-conserva é o da **industria de conserva** de peixe e marisco. Este subsector é, por detrás da pesca de grande altura, o que acolle unha maior demanda, ascendendo no ano 1995 a 626 millóns de euros, procedentes no seu 95,4% das exportacións e no 4,6% do consumo interno privado. Destaca así mesmo o feito de que no citado ano se produciu unha variación de existencias negativas de 28 millóns de euros.

Os empregos totais do subsector ascenderon a 696 millóns de euros, o 31,8% do total para o conxunto do sector.

Finalmente, no que respecta á FBKF, destaca que este subsector é o que presenta unha maior FBKF –máis de 67 millóns de euros–, con orixe fundamentalmente nas ramas de “Maquinaria e equipo mecánico” e “Construcción”, que representan o 78% da formación bruta de capital fixo total do subsector para o ano 1995.

Unha vez analizada a matriz de *inputs* e *outputs* intermedios, así como a de demanda final do sector e a de procedencia da formación bruta de capital, pasamos, a continuación a estudar a matriz de *inputs* primarios.

A táboa de *inputs* primarios (**anexo A.2.5.**) presenta os consumos primarios de cada subsector considerados necesarios para a súa produción no ano 1995. Na táboa represéntanse as retribucións a cada factor de produción que intervéñen na actividade económica, isto é, ó traballo e ó capital, xunto coa incidencia do Estado a través da súa actividade, xa impositiva ou de apoio, sobre a produción. Os elementos a considerar son os seguintes:

- Soldos e salarios brutos: Comprende toda clase de remuneracións, monetarias e en especie, satisfeitas ós asalariados, incluídas as taxas da Seguridade Social a cargo dos traballadores así como os impostos sobre o rendemento do traballo persoal retidos polas empresas.

- Cotizacións sociais a cargo do empregador: Este concepto inclúe as cargas sociais reais satisfeitas polos empregadores e as cotizacións sociais ficticias.

- Excedente bruto de explotación: Entendido como excedente empresarial descontado ou consumo de capital fixo, representa o resultado da actividade do subsector durante o período considerado.

- Consumo de capital fixo: Comprende o valor contable da depreciación experimentada polo capital fixo durante o período considerado, como consecuencia do seu uso normal, e a obsolescencia previsible.

- Valor engadido bruto a custo de factores: Valora a contribución do factores primarios (capital e traballo) ó proceso productivo.

- Impostos ligados á produción excluído o

IVE: Comprende tódolos impostos e taxas que gravan a actividade productiva ou o consumo de determinados bens e que sexan distintos do IVE.

- Subvencións de explotación: Recolle as transferencias correntes que as Administracións Públicas ou institucións comunitarias europeas entregan ás unidades de produción ca fin de influír no prezos e/ou permitir unha remuneración suficiente ós factores de produción.

- Valor engadido bruto a prezos de mercado: Representa o valor novo creado no proceso productivo durante o período considerado.

- Valor da produción efectiva a prezos de saída de fábrica: Defínese como o valor dos bens e servicios producidos por cada subsector.

- Valor da produción distribuída a prezos de saída de fábrica: Valor dos produtos clasificables de cada subsector independentemente da unidade de produción na que se obtivesen.

- Importacións: Total das importacións de produtos equivalentes que se demandan do resto do estado español ou do resto do mundo, ben como inputs intermedios, ben como demanda final.

Tendo en conta os conceptos anteriores, pasamos a analiza-la táboa de *inputs* primarios para os sete subsectores considerados dentro do sector pesca-conserva.

O valor engadido bruto, ou valor novo creado, polo subsector **pesca de baixura** no ano 1995 ascendeu a 71 millóns de euros, dos que o 35% (25 millóns de euros) dedicouse á remuneración de asalariados. A porcentaxe de remuneración de asalariados no subsector é a terceira máis reducida do sector pesca-conserva, por detrás do marisqueo e a miticultura, estando por debaixo da media dos sete subsectores considerados, que se sitúa no 55% do valor engadido bruto a prezos de mercado.

O excedente neto de explotación (resultado da actividade) do subsector pesca de baixura no período analizado ascendeu a 45 millóns de euros.

A produción efectiva do subsector ascendeu a 107 millóns de euros, dos que o 66% corresponde a valor engadido bruto no subsector

e o 34% restante ó valor dos inputs intermedios utilizados, dos que o 84% procedían da propia Comunidade Autónoma.

Os bens equivalentes importados, tanto como *inputs* intermedios como para satisfacer a demanda final, ascenderon a case 8 millóns de euros.

O valor engadido bruto do subsector **pesca de litoral** no ano 1995 ascendeu a 68 millóns de euros, dos que o 64% dedícanse á remuneración de asalariados, porcentaxe superior á media e segunda en importancia, por detrás da pesca de altura.

O excedente neto de explotación do subsector pesca de litoral no período analizado ascendeu a 22 millóns de euros, o menor por detrás do subsector da pesca de altura.

A produción efectiva do subsector ascendeu a 105 millóns de euros, dos que o 65% corresponde a valor engadido bruto no subsector e o 35% restante ó valor dos *inputs* intermedios utilizados, dos que o 93% procedían da propia Comunidade Autónoma.

Os bens equivalentes importados, tanto como inputs intermedios como para satisfacer a demanda final, ascenderon a 28 millóns de euros.

No que respecta á **pesca de altura**, este subsector obtivo un valor engadido bruto a prezos de mercado no ano 1995 de 107 millóns de euros, o terceiro máis elevado dos sete subsectores analizados, destinando o 75% do mesmo á remuneración de asalariados, sendo esta porcentaxe, como xa se sinalou, a máis elevada do sector pesca-conserva considerado.

A produción efectiva do subsector ascendeu a 171 millóns de euros, dos que o 63% corresponde a valor engadido bruto no subsector e o 37% restante ó valor dos inputs intermedios utilizados, dos que o 76% procedían da propia Comunidade Autónoma.

O rendemento da actividade no período ana-

lizado ascendeu a 13 millóns de euros, o máis reducido do sector, e o valor dos bens equivalentes importados foi de 49 millóns de euros.

A **pesca de grande altura** obtivo un valor engadido bruto a prezos de mercado no ano 1995 de 139 millóns de euros, o segundo en importancia do sector, dedicando o 62% do mesmo á remuneración de asalariados. O excedente neto de explotación no período foi de 55 millóns de euros e o total de produtos equivalentes importados ascendeu a 548 millóns de euros, sendo este subsector o que acolle o 72% do valor total das importacións do sector pesca-conserva no citado ano.

A produción efectiva do subsector ascendeu a 258 millóns de euros, dos que o 54% corresponde a valor engadido bruto no subsector e o 46% restante ó valor dos *inputs* intermedios utilizados, dos que o 70% procedían da propia Comunidade Autónoma.

O subsector da **miticultura** e outros obtivo un valor engadido bruto a prezos de mercado de 37 millóns de euros, dedicando o 28% do mesmo á remuneración de asalariados e ascendendo o seu rendemento no período a 25 millóns de euros.

A produción efectiva do subsector ascendeu a 52 millóns de euros, dos que o 71% corresponde a valor engadido bruto no subsector e o 29% restante ó valor dos *inputs* intermedios utilizados, dos que o 80% procedían da propia Comunidade Autónoma.

As importacións de produtos equivalentes ascenderon a case 5 millóns de euros, as máis reducidas dos sete subsectores considerados.

O **marisqueo** é o subsector que obtén un menor valor engadido bruto a prezos de mercado no período, ascendendo a 31 millóns de euros, dedicando o 8,7% á remuneración de asalariados, sendo tamén esta porcentaxe a máis reducida do sector pesca-conserva considerado.

A produción efectiva do subsector ascen-

deu a 33 millóns de euros, dos que o 94% corresponde a valor engadido bruto no subsector e o 6% restante ó valor dos *inputs* intermedios utilizados, dos que o 85% procedían da propia Comunidade Autónoma.

O resultado da actividade do marisqueo no período foi de case 29 millóns de euros e as importacións de produtos equivalentes ascenderon a 83 millóns de euros, as segundas en importancia de todo o sector, por detrás dos productores equivalentes á pesca de grande altura.

Finalmente, a **industria de conserva** de peixe obtén o maior valor engadido bruto do sector pesca-conserva, ascendendo a 150 millóns de euros e destinando o 56% do mesmo á remuneración de asalariados.

A produción efectiva do subsector ascendeu a 626 millóns de euros, dos que o 24% corresponde a valor engadido bruto no subsector e o 76% restante ó valor dos *inputs* intermedios utilizados, dos que o 46% procedían da propia Comunidade Autónoma.

O rendemento da actividade no período foi de 84 millóns de euros e as importacións de produtos equivalentes ascenderon a 40 millóns de euros.

A elaboración de táboas *input-output* permite calcular **coeficientes** de relación entre magnitudes. Estes coeficientes técnicos describen as necesidades que unha rama ten dos produtos doutra para cumprir os seus fins productivos. Máis especificamente, os consumos intermedios que unha rama fai dos bens ou servizos producidos por outra, para obter unha unidade do seu produto.

O **anexo A.2.6.** expón a táboa de coeficientes técnicos para o sector da pesca-conserva considerado.

Neste senso, o *input* máis necesario na produción dos subsectores de pesca de baixura, pesca de litoral, pesca de altura e pesca de grande altura é o derivado da rama de “Refino de petró-

leo e outros”, con coeficientes técnicos de 0.0766, 0.0738, 0.0878 e 0.0974, respectivamente.

O subsector da miticultura e outros presenta unha maior dependencia dos *inputs* procedentes da rama de “Cabos e redes”, cun coeficiente técnico de 0.0509. O marisqueo ten o seu maior coeficiente técnico cos produtos derivados da rama do “Transporte” e, finalmente, a industria da conserva do peixe ten un coeficiente técnico de 0.2469 cos *inputs* procedentes da pesca de grande altura.

A suma dunha columna de coeficientes técnicos de *inputs* intermedios expresa as necesidades que ten cada subsector considerado de *inputs* intermedios procedentes do resto de subsectores para producir unha unidade de produto. Así, de seguido concrétase esta relación nos diferentes subsectores analizados:

- A pesca de baixura necesita 0.33 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.
- A pesca de litoral necesita 0.34 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.
- A pesca de altura necesita 0.37 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.
- A pesca de grande altura necesita 0.45 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.
- A miticultura e outros necesita 0.29 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.
- O marisqueo necesita 0.06 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.
- A industria da conserva do peixe necesita 0.75 *inputs* doutros subsectores para elaborar unha unidade de produto.

Polo tanto, pódese dicir que o subsector menos dependente é o do marisqueo e, polo contrario, o que necesita unha maior contribución de *inputs* intermedios é o da industria de conserva de peixe. ■

